

Comunicación e linguaxe



Expresámonos
na nosa lingua.

Inglés



Expresámonos
noutras linguas.

Razoamento lóxico



Comprendemos a lóxica
da contorna.

Desenvolvemento psicomotor



Conectamos corpo e mente.

Xestión emocional



Aprendemos coas
nosas emocións.

Ensino Relixioso Escolar



Descubrimos a nosa fe.

Identidade cultural



Valoramos os
nosos costumes.



Víveo!



O Novo Contexto de Aprendizaxe (NCA)
é un marco de referencia baseado na
aprendizaxe competencial, experiencial,
transversal, instrumental, social,
adaptativo e, á vez, contextualizado en cada
unha das obras educativas de La Salle.



colegioslasalle.org



Transformando a educación, transformamos o mundo.



Contornas de nivel NCA Educación Infantil





Contornas de nivel



As contornas de nivel en Educación Infantil son o ámbito NCA no que se agrupan os contidos curriculares, dando importancia non só ao que se aprende senón a como se aprende, respectando os procesos madurativos do alumnado e facilitando a aprendizaxe desde a experimentación.

Estas contornas responden a diferentes áreas e están conectados entre si para favorecer o desenvolvemento integral da persoa. Neles, os principios pedagóxicos NCA -Interioridade, Construción do pensamento, Conduta e actividade autorregulada; Mente, corpo, movemento e Dimensión social da aprendizaxe- son as guías que fundamentan e dan sentido ao noso proxecto e trabállanse de xeito transversal.

Comunicación e linguaxe

Aprendemos a usar a linguaxe en situacións reais de comunicación, a construír as nosas propias aprendizaxes. Iniciámonos no uso da linguaxe escrita e gozamos das primeiras experiencias lectoras, respectando os ritmos de cada persoa.

Inglés

Traballamos para descubrir outra lingua en situacións reais de comunicación, unha comunicación a través do xogo na que se dá prioridade ao *speaking* e o *listening*.

Razoamento lóxico

Potenciamos o interese natural do alumnado polas matemáticas. Baseámonos na aprendizaxe manipulativa a través do xogo e integramos o razoamento noutro tipo de actividades.

Desenvolvemento psicomotor

Aprendemos facendo. Construímos o “eu” desde o propio corpo. Buscamos acompañar o movemento libre e conectar mente e corpo a través do movemento.

Xestión emocional

Queremos coñecer e validar as nosas emocións, fortalecer a autoestima e mellorar as habilidades sociais.



ERE

É importante celebrar a vida e a fe, fomentar a espiritualidade e adquirir a linguaxe relixiosa.

Identidade cultural

Enriquécenos coñecer os nosos costumes e os doutras culturas, valorar a tradición e fomentar o sentido de pertenza comunitaria.